

Temas: BRASIL ESTADOS UNIDOS LINGUA GALEGA GALICIA VENEZUELA CULTURA ITALIA  
ESTUDOS ARXENTINA LONDRES ESTRANXEIROS BIERZO PORTUGAL GALEGO

## O galego estudase en 35 universidades de 17 países

Suman xa 2.000 alumnos, ademais dos 1.500 que o fan no conxunto do Estado.

Por Europa Press / Redacción | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 17/05/2019 | Actualizada ás 11:00

Case 2.000 alumnos aprenden galego en 16 países estranxeiros, segundo o informe de **Estratexia Galega de Acción Exterior Horizonte 2020** para a promoción do idioma, que analizou este xoves o Consello da Xunta.

En total, hai 3.500 alumnos que reciben clases de galego fóra da Comunidade **en 35 universidades de 17 países**. Entre eles, 1.500 fano en distintas zonas de España, especialmente no Bierzo e Sanabria.

A maior parte dos alumnos acode aos **35 centros de estudos galegos** constituídos en diferentes universidades de países como Portugal, Italia, Alemaña, Brasil e Estados Unidos, entre outros. Ademais, a rede de lectorados que imparten materias de lingua, literatura e cultura galega esténdese a un total de 15 territorios.

No referentes a países iberoamericanos, uns 500 alumnos estudan a lingua galega en Arxentina e outros 300 en Venezuela. Tamén hai 75 en Londres, por un convenio co Instituto Español Cañada Blanch.

No marco estatal, destaca a colaboración de Galicia cos departamentos de política lingüística do País Vasco, Cataluña, Baleares, Navarra e Valencia.

